





BIBLIOTECA IES DE VILALONGA NADAL 2012




Logo de facernos disfrutar coa primeira entrega, "A HERDANZA DO DRAGÓN", xa temos na biblioteca "A METAMORFOSE DO DRAGÓN" e "A FRATERNIDADE DO DRAGON"



"Hai un momento na vida no que aínda estamos a tempo. Aínda podemos elixir aquilo no que imos converternos. O que desexamos ser. Abel está nese momento crucial da vida: ten dezasete anos e namorouse."




Marcos Calveiro, foi o gañador da XXVII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil que convoca cada ano a editorial Xerais, pola súa obra Palabras de auga. No libro cóntase aventura iniciática de Amadou, un neno suahili que pertence a un clan de nómades. A obra, sólida e perfectamente estruturada, está construída a través de continuos flashbacks.




Esta é unha historia que comeza cerca dunha praia, nunha zuna onde se atopa situada unha casa branca cunha porta e sete ventás que miran para o mar. Nesta casa vive un rapaciño que desexaría ser peixe para poder nadar ata o fondo do mar...

Deliciosa historia de Sophia de Mello Breyner Andresen.



¿O sangue é vermello? Ata a aparición daquel cadáver a inspectora Nola sempre pensou que si. Na última semana, en Todures apareceron mortos seis inmigrantes procedentes de Ningures.
PERELEDI Esta novela está escrita a dúas mans por Pere Tobaruela e Leticia Costas.



PRIMEIRO LIBRO DE POESÍA de Sophia de Mello Breyner Andresen. Dinos a autora que pode que se trate dunha recompilación de poemas de poetas de tódolos países de lingua oficial portuguesa... **MOI RECOMENDABLE**